

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de febreiro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), quen escusa a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8346.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/j4jO5AKqOX0GNn8PBEYdqjKfRxbniGYpsTrMJxkRilCpsldg>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 31 de xaneiro.

a) Parte resolutiva:

2.8347.- **AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE COMARCAL DE MAQUINARIA DE CODESEDA (A ESTRADA) Á UTE CONSERVACIÓN PONTEVEDRA NORTE, PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO INTEGRAL DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (LOTE 1) (EXPTES. 2025007464 – 2024075763)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/VIIITBp8Am0xvTJtex4RTmev9mEi2tlKXZGrabkj4XOvHAgEw>

Resultando.- Que O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 13/09/2024 acordou adxudicar á UTE CONSERVACION PONTEVEDRA NORTE o Lote 1 do procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: DJ4ZLF8SPBIXI2F2, instancia da UTE CONSERVACIÓN PONTEVEDRA NORTE, solicitando o uso das instalacións do Parque Comarcal de Codeseda (A Estrada), para a execución do Lote 1 do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- O Parque de maquinaria de Codeseda (A Estrada) figura inscrito no Inventario de Bens da Deputación de Pontevedra coa seguinte descrición, que se detalla no plano inferior:

Denominación	Parque comarcal de maquinaria de A Estrada
Epígrafe inventario	1 – Bens inmobles - construcións
Nº activo	1.1.000046
Natureza xurídica	Servizo público
Descrición	Nave industrial rectangular con 2 portalóns de entrada e cuberta de serra
Referencia catastral	36017A308010470000XE
Dirección	(Codeseda) estrada de Codeseda a Campolameiro 12
Superficie finca	3.182 m ²
Superficie construída	411,24 m ²



Resultando.- Que o que se propón é autorizar á UTE CONSERVACION PONTEVEDRA NORTE o uso da totalidade do terreo e a nave industrial do Parque comarcal de maquinaria de Codeseda (A Estrada), para a execución do contrato de “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote1)”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KZXWMTH0D4FQWODS informe do Servizo de Infraestruturas no que se recolle o seguinte: “...autorízase o uso das instalacións do Parque de Codeseda, situado na estrada Codeseda-Campo



Lameiro número 12, lugar de Codesada (A Estrada, Pontevedra), propiedade da Deputación de Pontevedra, á UTE CONSERVACIÓN PONTEVEDRA NORTE (XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.) como base propia para levar a cabo os traballos previstos no contrato, durante o prazo de execución do mesmo. O uso que se faga das instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adxudicado sen que podan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RT32D1NEADBQ8L86 acta de entrega de chaves do parque de maquinaria de Codeseda (A Estrada) e inventario, formalizada pola UTE Conservación Pontevedra Norte e a Deputación de Pontevedra na data 01/11/2024.

Resultando.- Que con data 15/01/2025 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, ó que se lle asignou o CSV: 5RXXXTN0UY1VHN2S, no que se recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente o outorgamento por parte da Deputación dunha autorización de uso das instalacións do parque comarcal de maquinaria de Codeseda (A Estrada) á UTE CONSERVACION PONTEVEDRA NORTE, para a execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1)”...”

Considerando.- Que o prego de prescricións técnicas (PPT) que rexe esta contratación establece no seu apartado 12.3 relativo ás instalacións necesarias para a realización dos traballos por parte da empresa adxudicataria o seguinte: “...o adxudicatario poderá solicitar á Deputación de Pontevedra o uso das instalacións do Parque de Codeseda (A Estrada) como instalacións auxiliares ou complementarias ao centro de operacións, podendo utilizar as mesmas en todo o seu conxunto ou de maneira parcial segundo as necesidades do contrato e as premisas establecidas pola propia Deputación, a condición de que se obteña o visto e prace por parte do Director do Contrato. En caso do seu emprego, o adxudicatario farase cargo de todos os custos que se derivan da súa utilización ou da súa adaptación ás necesidades, sendo responsabilidade do adxudicatario deixar as instalacións ao final do contrato en situación, polo menos, nas mesmas condicións nas que as recibiu.

Considerando.- Que de conformidade cos artigos 79 e 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 74 do Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, o *Parque comarcal de maquinaria de Codeseda*, é un ben de dominio público, por atoparse destinado a un servizo público.



Considerando.- Que segundo o artigo 84 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), para ocupar bens de dominio público ou utilizalos de xeito que exceda do uso que, no seu caso, corresponda a todos, é necesario un título habilitante.


Considerando.- Que o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para unha ocupación de bens de dominio público que sexa necesaria para a execución dun contrato administrativo deberán ser outorgadas pola Administración que sexa o seu titular, e consideraranse accesorias de aquel. Estas autorizacións e concesións estarán vinculadas a dito contrato a efectos de outorgamento, duración e vixencia e transmisibilidade, sen prexuízo da aprobación e informes que se refiren os apartados anteriores a este artigo.

O Pleno da Corporación de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

- Autorizar o uso das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Codeseda (A Estrada) á UTE CONSERVACION PONTEVEDRA NORTE, para a execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1)” con efectos dende o 01/11/2024, nos termos e coas condicións que se indican a continuación:

1. Terreo e infraestruturas do Parque de maquinaria de Codeseda obxecto da autorización de uso.

- Superficie total do terreo da parcela catastral 36017A308010470000XE, que se sinala no plano seguinte:



- Nave industrial rectangular con 2 portalóns de entrada e cuberta de serra.

Instalacións do parque:



- 1 depósito de gasoil de 2.000 litros con bomba e contador.
- 1 polipasto de 1,50 toneladas.
- 1 extintor.
- 6 focos redondos interiores.
- 3 focos exteriores led.
- 9 regretas de iluminación.
- 1 calentador de 75 litros.
- 3 radiadores.
- 1 motor para apertura do portalón.
- 2 placas solares fotovoltaicas.

Vestuarios:

- 16 taquillas.
- 2 bancos de madeira.
- 2 pratos de ducha.
- 2 inodoros.
- 2 lavamáns.
- 2 espellos.

Material de Oficina:

O despacho que contén o seguinte material de oficina resérvase para o uso do persoal da Deputación:

- 1 ordenador con teclado.
- 2 monitores.
- 1 impresora Ricoh MPC401.
- 1 teléfono.
- 1 armario.
- 1 mesa.
- 1 silla.
- 1 radiador [...]

2. Réxime de uso do inmovble.

A Deputación de Pontevedra autoriza á UTE CONSERVACION PONTEVEDRA NORTE (CIF U75284950) o uso do parque comarcal de maquinaria de Codeseda (A Estrada), da Deputación de Pontevedra, para o fin exclusivo da execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1)”. O uso que se faga das instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adxudicado sen que poidan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato. O adxudicatario coñece o estado actual das instalacións e acepta o seu uso nas actuais condicións.



3. Réxime económico a que queda suxeita a autorización.
A autorización outórgase sen contraprestación económica á Deputación por parte da empresa adxudicataria.
4. Garantía.
A autorización outórgase sen exigencia de garantía da empresa autorizada, sen prexuízo do que se establece na cláusula 7 relativa á “Asunción de responsabilidade derivada da ocupación”.
5. Asunción de gastos de conservación e mantemento.
Os gastos asociados ó uso das instalacións serán asumidos pola empresa autorizada. Entenderanse como gastos asociados ó uso todos os subministros de auga, electricidade, telefonía, vixilancia, protección contra incendios, limpeza, taxas municipais relacionadas coa actividade (taxa de recollida de lixo e sumidoiros, etc.) e todos os gastos de reparacións e mantemento das instalacións e funcionamento das instalacións.
6. Compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.
A empresa autorizada se compromete a realizar a tramitación correspondente para a obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do inmovible ou actividade a realizar no mesmo.
7. Compromiso de utilizar o inmovible segundo a súa natureza e entregalo no mesmo estado no que se recibe.
A empresa autorizada comprométese a utilizar as instalacións e material autorizados do Parque comarcal de maquinaria de Codeseda segundo a súa natureza, así como entregalos no mesmo estado nos que se recibe.

A empresa adxudicataria acepta ser coñecedora do estado actual das instalacións, poderá realizar melloras nas mesmas para adaptalas ás necesidades de execución do servizo contratado logo de realizar solicitude formal ante a Deputación de Pontevedra e obter informe favorable. Ditas actuacións serán realizadas baixo a responsabilidade da empresa a risco e ventura da mesma, previa obtención de cantas licencias e permisos sexan requiridos.

Finalizada a autorización o inmovible revertirá á Deputación con todas as obras, reparacións e melloras realizadas no mesmo pola empresa autorizada sen dereito a indemnización ningunha da Deputación á empresa polas mesmas.



8. Asunción de responsabilidade derivada da ocupación.

A empresa autorizada asume a responsabilidade derivada da ocupación das instalacións do parque comarcal de maquinaria de Codeseda ante calquera incidente que se produza nas instalacións cedidas. A empresa deberá acreditar ter suscrita unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil en vigor durante o período de duración da autorización de uso, coa cobertura da responsabilidade civil locativa por calquera continxencia relacionada coa actividade a desenvolver nas instalacións e equipamentos cedidos.

A empresa asume tamén a responsabilidade derivada do uso das instalacións, das condicións hixiénico sanitarias das mesmas, así como da prevención de riscos derivados dos traballos realizados nelas.

9. Aceptación da revogación unilateral sen dereito a indemnización por razón de interese público.

A empresa autorizada acepta que esta autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Deputación de Pontevedra en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral das instalacións do Centro.

10. Reserva por parte da Deputación da facultade de inspeccionar o inmovible obxecto da autorización.

A Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de inspeccionar as Instalacións e material obxecto de autorización, para garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos da autorización.

Neste senso, a Deputación de Pontevedra estará habilitada para poder acceder ás instalacións, avaliar o uso correcto das mesmas e para inspeccionar a adecuada dispoñibilidade dos medios afectos ó contrato de servizo.

11. Reserva por parte da Deputación de parte do inmovible para uso específico do servizo de Infraestruturas provinciais.

A Deputación de Pontevedra resérvase unha oficina do inmovible autorizado para uso ofimático de persoal funcionario da Deputación de Pontevedra (Capataz, Coordinador de Brigadas ou Vixiante).

12. Prazo da autorización e réxime de prórroga.

O prazo da autorización se corresponde co prazo de duración do contrato do *“Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 1)”*, así



como as súas prórrogas (catro anos a contar desde a data de formalización do contrato, prorrogables por outro ano).

13. Causas de extinción da autorización.

Serán causas de extinción da autorización as seguintes:

- a) Resolución do contrato.
- b) Extinción da personalidade xurídica do usuario.
- c) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- d) Caducidade por vencemento do prazo.
- e) Revogación unilateral da autorización.
- f) Mutuo acordo.
- g) Incumprimento grave das obrigacións do titular da autorización, declarado polo órgano que outorgou a autorización.
- h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- i) Desafectación do inmovible.

3.8348.- AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE COMARCAL DE MAQUINARIA DE GONDOMAR Á EMPRESA CIVIS GLOBAL, S.L., PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO INTEGRAL DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (LOTE 3) (EXPTES. 2025007466 – 2025006095)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/bfFJQ0E0Y1DegzZEpYJzgL69OREEwxqoBKgucqGuCrq70Iqe>

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 13/09/2024 acordou adxudicar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. o Lote 3 do procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” .

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 34889CNYEE3M7AW0, instancia da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., solicitando o uso das instalacións do Parque Comarcal de Gondomar, para a execución do Lote 3 do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que o Parque comarcal de maquinaria da Deputación en Gondomar figura inscrito no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación con natureza xurídica demanial de servizo público. Atópase ubicado na parcela catastral 0028801NG2602N0001FL, rúa Iglesia – Gondomar cunha superficie de 2.620 m², (que se detalla no plano inferior). Está conformado polo terreo indicado e unha nave industrial rectangular con 2 portalóns de entrada e cuberta de serra cunha superficie construída de 210 m²).



Resultando.- Que en data 30/10/2002 a Deputación concedeu ó Concello de Gondomar unha cesión de uso dunha superficie de 414 m² do terreo do Parque comarcal de maquinaria co obxecto de gardar os vehículos do concello. Segundo informe do servizo de Infraestruturas na actualidade o concello continúa facendo uso de dita superficie.

Resultando.- Que o que se propón é autorizar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L o uso do terreo e a nave industrial do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar (excluindo a superficie que actualmente está sendo utilizada polo Concello de Gondomar) para a execución do contrato de “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: LOKV3KETCI989AM3 informe do Servizo de Infraestruturas no que se recolle o seguinte: “...autorízase o uso das instalacións do Parque de Gondomar, situado no lugar de Ameixeira, 10 (Gondomar, Pontevedra), propiedade da Deputación de Pontevedra, á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. como base propia para levar a cabo os traballos previstos no contrato, durante o prazo de execución do mesmo. O uso que se faga das



instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adxudicado sen que poidan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8WLYCBF6VVC5JNFQ acta de entrega de chaves do Parque de Maquinaria de Gondomar e inventario, asinada por representante da empresa CIVIS GLOBAL, S.L. e a Deputación de Pontevedra na data 30/10/2024.

Resultando.- Que con data 13/01/2025 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, ó que se lle asignou o CSV: QS1G5U2E3OWJ5UB4, no que se recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente o outorgamento por parte da Deputación dunha autorización de uso das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar á CIVIS GLOBAL, S.L para a execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”...”

Considerando.- Que o prego de prescricións técnicas (PPT) que rexe esta contratación establece no seu apartado 12.3 relativo ás instalacións necesarias para a realización dos traballos por parte da empresa adxudicataria o seguinte: “...o adxudicatario poderá solicitar á Deputación de Pontevedra o uso das instalacións do Parque de Pontearas e Gondomar como instalacións auxiliares ou complementarias ao centro de operacións, podendo utilizar as mesmas en todo o seu conxunto ou de maneira parcial segundo as necesidades do contrato e as premisas establecidas pola propia Deputación, a condición de que se obteña o visto e praxe por parte do Director do Contrato. En caso do seu emprego, o adxudicatario farase cargo de todos os custos que se derivan da súa utilización ou da súa adaptación ás necesidades, sendo responsabilidade do adxudicatario deixar as instalacións ao final do contrato en situación, polo menos, nas mesmas condicións nas que as recibiu.

Considerando.- Que de conformidade cos artigos 79 e 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 74 do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, o *Parque comarcal de maquinaria de Gondomar*, é un ben de dominio público, por atoparse destinado a un servizo público.

Considerando.- Que segundo o artigo 84 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), para ocupar bens de dominio público ou utilízaos de xeito que exceda do uso que, no seu caso, corresponda a todos, é necesario un título habilitante.

Considerando.- Que o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para unha ocupación de bens de dominio público que sexa



necesaria para a execución dun contrato administrativo deberán ser outorgadas pola Administración que sexa o seu titular, e consideraranse accesorias de aquel. Estas autorizacións e concesións estarán vinculadas a dito contrato a efectos de outorgamento, duración e vixencia e transmisibilidade, sen prexuízo da aprobación e informes que se refiren os apartados anteriores a este artigo.

O Pleno da Corporación de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

- Autorizar o uso das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L., para a execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”, con efectos dende o 01/11/2025, nos termos e coas condicións que se indican a continuación:

1. Terreo e infraestruturas do parque de maquinaria de Gondomar obxecto da autorización de uso.

Superficie do terreo da parcela catastral 0028801NG2602N0001FL, excluindo a superficie de 414 m² que se sinala no seguinte plano:



- Nave industrial rectangular con 2 portalóns de entrada e cuberta de serra.

Instalacións do parque:

1 BANCO TRABALLO TALLER.



- 1 TORNO BANCO ACESA.
- 1 DEPÓSITO GASÓLEO DE 2.000 L. C/MOTOR.
- 3 ESCALEIRAS ABATIBLES DE ALUMINO.
- 1 ESTANTERÍA METÁLICA.
- 1 SALERO MAQUIASFALT.
- 1 HINCAPOSTES.
- 2 MESAS.
- 2 SILLAS.
- 2 ESTANTERÍAS PEQUENAS.

Vestuarios:

- 3 LAVAMANS C/PEDESTAL.
- 2 ESPELLOS.
- 1 DISPENSADOR DE XABÓN.
- 1 DISPENSADOR DE PAPEL.
- 2 INODOROS.
- 2 PORTARROLLOS PAPEL.
- 1 URINARIO.
- 3 PLATOS DUCHA C/GRIFERIA.
- 20 TAQUILLAS METÁLICAS.
- 2 BANCOS DE MADEIRA.
- 2 PERCHEIROS DE MADEIRA.
- 1 RADIADOR ELÉCTRICO.
- 1 TERMO ELÉCTRICO (COINTRA).

2. Réxime de uso do inmovble.

A Deputación de Pontevedra autoriza á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. (CIF B36684157) o uso do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar da Deputación de Pontevedra para a o fin exclusivo da execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”. O uso que se faga das instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adxudicado sen que poidan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato. O adxudicatario coñece o estado actual das instalacións e acepta o seu uso nas actuais condicións.

3. Réxime económico a que queda suxeita a autorización.

A autorización outórgase sen contraprestación económica á Deputación por parte da empresa adxudicataria.

4. Garantía.



A autorización outórgase sen esixencia de garantía da empresa autorizada, sen prexuízo do que se establece na cláusula 7 relativa a “Asunción de responsabilidade derivada da ocupación”.

5. Asunción de gastos de conservación e mantemento.

Os gastos asociados ó uso das instalacións serán asumidos pola empresa autorizada. Entenderanse como gastos asociados ó uso todos os subministros de auga, electricidade, telefonía, vixilancia, protección contra incendios, limpeza, taxas municipais relacionadas coa actividade (taxa de recollida de lixo e sumidoiros, etc.) e todos os gastos de reparacións e mantemento das instalacións e funcionamento das instalacións.

6. Compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.

A empresa autorizada se compromete a realizar a tramitación correspondente para a obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do inmovible ou actividade a realizar no mesmo.

7. Compromiso de utilizar o inmovible segundo a súa natureza e entregalo no mesmo estado no que se recibe.

A empresa autorizada comprométese a utilizar as instalacións e material autorizados do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar segundo a súa natureza, así como entregalos no mesmo estado nos que se recibe.

A empresa adxudicataria acepta ser coñecedora do estado actual das instalacións, poderá realizar melloras nas mesmas para adaptalas ás necesidades de execución do servizo contratado logo de realizar solicitude formal ante a Deputación de Pontevedra e obter informe favorable. Ditas actuacións serán realizadas baixo a responsabilidade da empresa a risco e ventura da mesma, previa obtención de cantas licencias e permisos sexan requiridos.

Finalizada a autorización o inmovible revertirá á Deputación con todas as obras, reparacións e melloras realizadas no mesmo pola empresa autorizada sen dereito a indemnización ningunha da Deputación á empresa polas mesmas.

8. Asunción de responsabilidade derivada da ocupación.

A empresa autorizada asume a responsabilidade derivada da ocupación das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Gondomar ante calquera incidente que se produza nas instalacións cedidas. A empresa deberá acreditar ter subscrita unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil en vigor durante o período de duración da autorización de uso, coa cobertura da responsabilidade



civil locativa por calquera continxencia relacionada coa actividade a desenvolver nas instalacións e equipamentos cedidos.

A empresa asume tamén a responsabilidade derivada do uso das instalacións, das condicións hixiénico sanitarias das mesmas, así como da prevención de riscos derivados dos traballos realizados nelas.

9. Aceptación da revogación unilateral sen dereito a indemnización por razón de interese público.

A empresa autorizada acepta que esta autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Deputación de Pontevedra en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral das instalacións do Centro.

10. Reserva por parte da Deputación da facultade de inspeccionar o inmovible obxecto da autorización.

A Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de inspeccionar as instalacións e material obxecto de autorización, para garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos da autorización.

Neste senso, a Deputación de Pontevedra estará habilitada para poder acceder ás instalacións, avaliar o uso correcto das mesmas e para inspeccionar a adecuada dispoñibilidade dos medios afectos ó contrato de servizo.

11. Reserva por parte da Deputación de parte do inmovible para uso específico do servizo de Infraestruturas provinciais.

A Deputación de Pontevedra resérvase unha oficina do inmovible autorizado para uso ofimático de persoal funcionario da Deputación de Pontevedra (Capataz, Coordinador de Brigadas ou Vixiante).

12. Prazo da autorización e réxime de prórroga.

O prazo da autorización se corresponde co prazo de duración do contrato do *“Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”*, así como as súas prórrogas (catro anos a contar desde a data de formalización do contrato, prorrogables por outro ano).

13. Causas de extinción da autorización.

Serán causas de extinción da autorización as seguintes:

- a) Resolución do contrato.



- b) Extinción da personalidade xurídica do usuario.
- c) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- d) Caducidade por vencemento do prazo.
- e) Revogación unilateral da autorización.
- f) Mutuo acordo.
- g) Incumprimento grave das obrigacións do titular da autorización, declarado polo órgano que outorgou a autorización.
- h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- i) Desafectación do inmovible.

4.8349.- **AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE COMARCAL DE MAQUINARIA DE PONTEAREAS Á EMPRESA CIVIS GLOBAL, S.L., PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO INTEGRAL DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (LOTE 3) (EXPTES. 2025007467 - 2024075769)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/6R0WFxH0PUm0EYkoq5LefBjuVRcY6SwaAv9LfeVGybfKihrm>

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 13/09/2024 acordou adxudicar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. o Lote 3 do procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 34889CNYEE3M7AW0, instancia da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., solicitando o uso das instalacións do Parque Comarcal de Ponteareas, para a execución do Lote 3 do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o parque de maquinaria de Ponteareas da Deputación está localizado en Lg. Lomba Cruceiro-Ribadetea 8 (Ponteareas), referencia catastral 36042A120003560000XH. As instalacións do parque comprenden unha superficie de terreo de 2.692,82 m² (que se detalla no plano inferior) da referencia catastral indicada, e unha nave industrial rectangular con cuberta inclinada e edificio adosado de dúas plantas. Figura inscrito no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación no epígrafe 1 (Inmóbles) nº activo 1-18 (nº inventario antigo 1.1.000050) con natureza xurídica demanial de servizo público.





Resultando.- Que o que se propón é autorizar á empresa CIVIS GLOBAL, S.L o uso do terreo e a nave industrial do Parque comarcal de maquinaria de Pontearéas para a execución do contrato de “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, sinalada no plano anterior.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KJW0S3MXC1FFBVKN informe do Servizo de Infraestruturas no que se recolle o seguinte: “...autorízase o uso das instalacións do Parque de Pontearéas, situado no lugar Lomba do Cruceiro, 5 - Ribadetea (Pontearéas, Pontevedra), propiedade da Deputación de Pontevedra, á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. como base propia para levar a cabo os traballos previstos no contrato, durante o prazo de execución do mesmo. O uso que se faga das instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adjudicado sen que poidan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8Q16ZNV7SV8XE6VX acta de entrega de chaves do Parque de Maquinaria de Pontearéas e inventario, asinada por representante da empresa Civis Global S.L. e a Deputación de Pontevedra na data 30/10/2024.

Resultando.- Que con data 13/01/2025 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, ó que se lle asignou o CSV: 00G7YUWEP6GBNJF0, no que se recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente o outorgamento por parte da Deputación dunha autorización de uso das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Pontearéas á CIVIS GLOBAL, S.L para a execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”...”



Considerando.- Que o prego de prescricións técnicas (PPT) que rexe esta contratación establece no seu apartado 12.3 relativo ás instalacións necesarias para a realización dos traballos por parte da empresa adxudicataria o seguinte: "...o adxudicatario poderá solicitar á Deputación de Pontevedra o uso das instalacións do Parque de Pontearreas e Gondomar como instalacións auxiliares ou complementarias ao centro de operacións, podendo utilizar as mesmas en todo o seu conxunto ou de maneira parcial segundo as necesidades do contrato e as premisas establecidas pola propia Deputación, a condición de que se obteña o visto e prace por parte do Director do Contrato. En caso do seu emprego, o adxudicatario farase cargo de todos os custos que se derivan da súa utilización ou da súa adaptación ás necesidades, sendo responsabilidade do adxudicatario deixar as instalacións ao final do contrato en situación, polo menos, nas mesmas condicións nas que as recibiu".

Considerando.- Que de conformidade cos artigos 79 e 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 74 do Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, o *Parque comarcal de maquinaria de Pontearreas*, é un ben de dominio público, por atoparse destinado a un servizo público.

Considerando.- Que segundo o artigo 84 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), para ocupar bens de dominio público ou utilízalos de xeito que exceda do uso que, no seu caso, corresponda a todos, é necesario un título habilitante.

Considerando.- Que o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para unha ocupación de bens de dominio público que sexa necesaria para a execución dun contrato administrativo deberán ser outorgadas pola Administración que sexa o seu titular, e consideraranse accesorias de aquel. Estas autorizacións e concesións estarán vinculadas a dito contrato a efectos de outorgamento, duración e vixencia e transmisibilidade, sen prexuízo da aprobación e informes que se refiren os apartados anteriores a este artigo.


O Pleno da Corporación de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

- Autorizar o uso das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Pontearreas á empresa CIVIS GLOBAL, S.L., para a execución do contrato "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)" con efectos dende o 01/11/2024, nos termos e coas condicións que se indican a continuación:



1. Terreo e infraestruturas do Parque de maquinaria de Pontearcas obxecto da autorización de uso:

Superficie de terreo de 2.126,32 m² da parcela catastral 36042A120003560000XH que se sinala no plano seguinte:



- Nave industrial rectangular con cuberta inclinada e edificio adosado de dúas plantas ubicada no terreo.

Instalacións do parque:

- 1 UD DE TANQUE DE GASOIL DE 2000 LTS.
- 1 UD DE BANCO DE TRABALLO CON TORNO.
- 3 UDS DE ESTANTERIAS GRANDES.
- 1 UD DE DEPÓSITO DE 1000 LTS DE AUGA.
- 1 UD DE MAMPARA.
- 8 UDS DE TAQUILLAS.
- 1 UD ALJIBE DE 500 LTS PARA GRUPO DE PRESIÓN.

Vestiaros:

- 2 UDS DE BANCO CON COLGADORES PARA ROUPA.
- 2 UDS DE LAVAMÁNS.
- 1 UD DE DISPENSADOR DE PAPEL.
- 1 UD DE DOSIFICADOR DE XABÓN.
- 2 UDS DE RADIADORES.
- 2 UDS DE ESPELLO.



7 UDS DE TAQUILLAS.
2 UDS DE DUCHAS.
1 UD DE ORINAL DE PAREDE.
1 UD DE INODORO.
1 TERMO (ARISTON).

2. Réxime de uso do inmovible

A Deputación de Pontevedra autoriza á empresa CIVIS GLOBAL, S.L. (CIF B36684157) o uso do Parque comarcal de maquinaria de Pontearreas da Deputación de Pontevedra para a o fin exclusivo da execución do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)”. O uso que se faga das instalacións (parcela e nave) será exclusivamente o afecto ó citado contrato adxudicado sen que poidan desenvolverse outras actividades non relacionadas co citado contrato. O adxudicatario coñece o estado actual das instalacións e acepta o seu uso nas actuais condicións.

3. Réxime económico a que queda suxeita a autorización.

A autorización outórgase sen contraprestación económica á Deputación por parte da empresa adxudicataria.

4. Garantía.

A autorización outórgase sen esixencia de garantía da empresa autorizada, sen prexuízo do que se establece na cláusula 7 relativa á “Asunción de responsabilidade derivada da ocupación”.

5. Asunción de gastos de conservación e mantemento.

Os gastos asociados ó uso das instalacións serán asumidos pola empresa autorizada. Entenderanse como gastos asociados ó uso todos os subministros de auga, electricidade, telefonía, vixilancia, protección contra incendios, limpeza, taxas municipais relacionadas coa actividade (taxa de recollida de lixo e sumidoiros, etc.) e todos os gastos de reparacións e mantemento das instalacións e funcionamento das instalacións.

6. Compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.

A empresa autorizada se compromete a realizar a tramitación correspondente para a obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do inmovible ou actividade a realizar no mesmo.



7. Compromiso de utilizar o inmovible segundo a súa natureza e entregalo no mesmo estado no que se recibe.

A empresa autorizada comprométese a utilizar as instalacións e material autorizados do parque comarcal de maquinaria de Pontearreas segundo a súa natureza, así como entregalos no mesmo estado nos que se recibe.

A empresa adxudicataria acepta ser coñecedora do estado actual das instalacións, poderá realizar melloras nas mesmas para adaptalas ás necesidades de execución do servizo contratado logo de realizar solicitude formal ante a Deputación de Pontevedra e obter informe favorable. Ditas actuacións serán realizadas baixo a responsabilidade da empresa a risco e ventura da mesma, previa obtención de cantas licencias e permisos sexan requiridos.

Finalizada a autorización o inmovible revertirá á Deputación con todas as obras, reparacións e melloras realizadas no mesmo pola empresa autorizada sen dereito a indemnización ningunha da Deputación á empresa polas mesmas.

8. Asunción de responsabilidade derivada da ocupación.

A empresa autorizada asume a responsabilidade derivada da ocupación das instalacións do Parque comarcal de maquinaria de Pontearreas ante calquera incidente que se produza nas instalacións cedidas. A empresa deberá acreditar ter subscrita unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil en vigor durante o período de duración da autorización de uso, coa cobertura da responsabilidade civil locativa por calquera continxencia relacionada coa actividade a desenvolver nas instalacións e equipamentos cedidos.

A empresa asume tamén a responsabilidade derivada do uso das instalacións, das condicións hixiénico sanitarias das mesmas, así como da prevención de riscos derivados dos traballos realizados nelas.

9. Aceptación da revogación unilateral sen dereito a indemnización por razón de interese público.

A empresa autorizada acepta que esta autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Deputación de Pontevedra en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral das instalacións do Centro.

10. Reserva por parte da Deputación da facultade de inspeccionar o inmovible obxecto da autorización.



A Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de inspeccionar as Instalacións e material obxecto de autorización, para garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos da autorización.

Neste senso, a Deputación de Pontevedra estará habilitada para poder acceder ás instalacións, avaliar o uso correcto das mesmas e para inspeccionar a adecuada dispoñibilidade dos medios afectos ó contrato de servizo.

11. Reserva por parte da Deputación de parte do inmovible para uso específico do servizo de Infraestruturas provinciais.

A Deputación de Pontevedra resérvase unha oficina do inmovible autorizado para uso ofimático de persoal funcionario da Deputación de Pontevedra (Capataz, Coordinador de Brigadas ou Vixiante).

12. Prazo da autorización e réxime de prórroga.

O prazo da autorización se corresponde co prazo de duración do contrato do “*Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*”, así como as súas prórrogas (catro anos a contar desde a data de formalización do contrato, prorrogables por outro ano).

13. Causas de extinción da autorización.

Serán causas de extinción da autorización as seguintes:

- a) Resolución do contrato.
- b) Extinción da personalidade xurídica do usuario.
- c) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- d) Caducidade por vencemento do prazo.
- e) Revogación unilateral da autorización.
- f) Mutuo acordo.
- g) Incumprimento grave das obrigacións do titular da autorización, declarado polo órgano que outorgou a autorización.
- h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- i) Desafectación do inmovible.

5.8350.- **APROBACIÓN DE PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DE TODOS OS LOTES QUE CONFORMAN O CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025007468 - 2018058000)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/xljsv3u949OGuslcB7jxDh01Lu1JAVCu9H9VGwOugRWtEWjv>

Por medio do acordo 5.7413, na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2020, o Pleno da Deputación de Pontevedra acordou a adxudicación por lotes do contrato para a prestación do *Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas e polos seguintes importes ofertados para 2 anos de contrato:

- Lote 1. Servizos Centrais adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.100.000,00€
IVE (21%)	231.000,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.331.000,00€

- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	197.167,57€
IVE (21%)	41.405,19€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	238.572,76€

- Lote 3. Museo de Pontevedra adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	240.000,00€
IVE (21%)	50.400,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	290.400,00€

- Lote 4. ORAL adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	177.600,00€
---	-------------



IVE (21%)	37.296,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	214.896,00€

- Lote 5. Centro Príncipe Felipe adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.032.500,00€
IVE (21%)	216.825,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.249.325,00€

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 27 de maio do 2020 para os lotes 2 e 5 e de data 29 de maio de 2020 para os lotes 1, 3 e 4, establecendo un prazo de duración de dous anos, contados desde o día 1 de xuño de 2020, coa posibilidade de tres prórrogas anuais.

As referidas prórrogas aprobáronse mediante acordos do Pleno da Corporación Provincial, adoptados, en sesión ordinaria, os días 30 de setembro de 2022, 28 de abril de 2023 e 26 de abril de 2024, resultando o día 31 de maio do 2025 como data de vencemento deste contrato.

Visto que, ata a data, o contrato de “*Servizo de limpeza dos centros da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2018058000) foi obxecto das seguintes modificacións:

1. Acordo do Pleno nº 6.7507, de 30 de outubro de 2020, de aprobación da modificación do lote número 4 (ORAL).
2. Acordo da Xunta de Goberno nº 16.29957, de 19 de febreiro de 2021, de aprobación da modificación do lote número 1 (servizos centrais).
3. Acordo da Xunta de Goberno nº 17.30536, de 9 de xullo de 2021, de aprobación da modificación do lote número 1 (servizos centrais).
4. Acordo da Xunta de Goberno nº 9.32446, de 17 de marzo de 2023, de aprobación do axuste organizativo temporal do lote 1 (servizos centrais).
5. Acordo da Xunta de Goberno nº 9.33099, de 27 de outubro de 2023 de aprobación da modificación do lote 1 (servizos centrais).
6. Acordo da Xunta de Goberno nº 20.33519, de 23 de febreiro de 2024, de aprobación da modificación do lote 3 (Museo de Pontevedra).
7. Acordo do Pleno nº 3.8174, de 26 de abril de 2024, de aprobación da modificación do lote 2 (Turismo Rías Baixas).



8. Acordo da Xunta de Goberno nº 9.34218, de 27 de setembro de 2024, de aprobación da modificación do lote 1 (servizos centrais).

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Servizo de limpeza dos diferentes centros da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2024059026).

No mesmo acordo, dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de proposicións, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, que se realizou o día 03 de febreiro de 2025.

A complexidade do procedemento aberto precisa dun prazo amplo para a súa tramitación, podendo existir cuestións incidentais no proceso de adxudicación, polo que resulta necesario prorrogar o contrato orixinario para non interromper un contrato esencial para o funcionamento desta administración pública.

Dita circunstancia motiva a necesidade de acudir, en tanto non se adxudique o novo contrato, á prórroga prevista no artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), co obxecto de garantir a continuidade do servizo, por razóns de interese público, xa que os servizos ofrecidos son esenciais para a correcta limpeza dos centros da Deputación.

Dita prórroga realizaríase polo tempo imprescindible para levar a cabo a nova contratación, que na actualidade atópase en fase de licitación, e en todo caso quedaría moi lonxe do período máximo de nove meses establecido na LCSP.

Na actualidade, a execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Visto que se notificou o preaviso ás empresas contratistas da intención de acordar esta prórroga extraordinaria nos mesmos termos e condicións (Rexistro de saída NOT2025002653 de data 06/02/2025 para os lotes 1, 3 e 4; e rexistro de saída NOT2025002652 de data 06/02/2025 para os lotes 2 e 5).



Tendo en conta que se realizaron avisos previos coa antelación de dous meses sinalada no citado artigo 29, polo que as prórrogas dos lotes do contrato serían obrigatorias para as empresas contratistas.

Tendo en conta o artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cando ao vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario ou, tratándose dun contrato baseado nun acordo marco ou un contrato específico no marco dun sistema dinámico de adquisición, se enviaran as invitacións a presentar oferta do novo contrato baseado ou específico polo menos quince días antes da finalización do contrato orixinario.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, o Pleno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que a presente prórroga extraordinaria non compromete crédito adicional xa que se financiará con cargo ao crédito xa retido para o novo contrato de “Servizo de limpeza dos diferentes centros da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2024059026).

Tendo en conta que consta no expediente informe de Intervención, de data 21 de novembro de 2024 e co CSV: AJ3H81LZRMDCN4LL, no que se pon de manifesto que no vixente orzamento provincial existen as seguintes retencións de crédito para o gasto do servizo ordinario de limpeza da anualidade 2025, correspondentes ao expediente 2024059026:



		RCFUT1	Aplicación orxamentaria	Importe (co IVE)
Lote 1	Pazo Provincial	202400245012	25/920.9200.227.00	352.188,27€
	Edificio Administrativo			
	Sede Vigo			
	EF Areiro	202400245013	25/413.4123.227.00	68.803,84€
	Medio Ambiente (Aperos Soutomaíor)	202400245014	25/410.4100.227.00	17.195,99€
	Servizo Mobilidade (Parques Central, Marín e Gondomar)	202400245015	25/456.4530.227.00	46.473,77€
	Servizo Asistencia Intermunicipal	202400245016	25/923.1623.227.00	8.714,79€
	Patrimonio Documental e Bibliográfico	202400245017	25/332.3322.227.00	46.950,12€
	Finca Mouriscade	202400245018	25/410.4120.227.00	29.985,83€
	Viveiros Empresas	202400245019	25/942.4330.227.00	41.805,12€
	CSAE	202400245020	25/942.4331.227.00	13.070,96€
Lote 2	Palacete das Mendoza e PIT	202400245021	25/433.4320.227.00	51.333,17€
	Castelo Soutomaíor	202400245022	25/433.3360.227.00	45.877,16€
Lote 3	Museo de Pontevedra	202400245023	25/333.3330.227.00	164.579,66€
	Santa Clara	202400245024	25/333.3330.227.00	9.639,42€
Lote 4	Servizos Centrais ORAL	202400245025	25/932.9320.227.00	44.900,24€
	Oficinas Periféricas ORAL	202400245026		74.997,16€
	Especialistas Todos os Centros	202400245027		17.547,81€
Lote 5	Centro Príncipe Felipe	202400245028	25/232.2312.227.00	683.425,47€
	Imprenta Provincial	202400245029	25/924.9240.227.00	11.309,90€

Tendo en conta que os importes a considerar para a facturación dos meses de prórroga extraordinaria son os establecidos no contrato actual (Expte. 2018058000), sendo estes os seguintes:

		Importe mensual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe mensual (co IVE)
Lote 1	Pazo Provincial	12.570,08 €	2.639,72 €	15.209,80 €
	Edificio Administrativo	6.119,74 €	1.285,15 €	7.404,89 €
	Sede Vigo	2.791,81 €	586,28 €	3.378,09 €
	EF Areiro	5.471,78 €	1.149,07 €	6.620,85 €
	Medio Ambiente (Aperos Soutomaíor)	1.628,59 €	342,00€	1.970,59 €



		Importe mensual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe mensual (co IVE)
	Imprenta Provincial	730,77 €	153,46 €	884,23 €
	Servizo Mobilidade (Parques Central, Marín e Gondomar)	3.580,87 €	751,98 €	4.332,85 €
	Servizo Asistencia Intermunicipal	734,64 €	154,27 €	888,91 €
	Patrimonio Documental e Bibliográfico	3.582,53 €	752,33 €	4.334,86 €
	Finca Mouriscade	2.494,42 €	523,83 €	3.018,25 €
	Viveiros Empresas	3.893,98 €	817,74 €	4.711,72 €
	CSAE	660,55 €	138,71 €	799,26 €
Lote 2	Palacete das Mendoza	4.410,14 €	926,13 €	5.336,27 €
	PIT Peinador	64,09 €	13,46 €	77,55 €
	Castelo Soutomaior	3.680,15 €	772,83 €	4.452,98 €
Lote 3	Museo de Pontevedra	10.438,00 €	2.191,98 €	12.629,98 €
Lote 4	Servizos Centrais ORAL	3.879,71 €	814,74 €	4.694,45 €
	Oficinas Periféricas ORAL	5.755,64 €	1.208,68 €	6.964,32 €
Lote 5	Centro Príncipe Felipe	43.020,83 €	9.034,37 €	52.055,20 €

Visto o informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 12 de febreiro de 2025 (CSV: OZUCDRKOW39Y1Z5Q), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto, infórmase favorablemente a proposta de prórroga extraordinaria de todos os lotes do contrato de servizo de limpeza nos centros da Deputación de Pontevedra (Expte. 2018058000) polo período que vai desde o 01 de xuño de 2025, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2024059026, ou, en todo caso, ata o 30 de setembro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, a excepción das modificacións aprobadas.

Os meses de prórroga extraordinaria facturaranse polos importes establecidos no contrato actual (expediente nº 2018058000), obxecto desta prórroga; e se financiarán con cargo aos importes retidos para o expediente nº 2024059026, actualmente en licitación. Posteriormente, a financiación do futuro contrato axustarase ao período real de duración unha vez formalizado.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xuño do 2025.”



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que, no seu apartado 1, faculta ao Pleno para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, o Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga extraordinaria de todos os lotes do contrato para a prestación do “**Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra**” (Expte. 2018058000) subscrito coas empresas:

- Lote 1. Servizos Centrais: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas: Eulen, S.A. (A28517308).
- Lote 3. Museo de Pontevedra: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 4. ORAL: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 5. Centro Príncipe Felipe: Eulen, S.A. (A28517308).

durante o período que vai **desde o 1 de xuño de 2025, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato**, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2024059026, **ou, en todo caso, ata o 30 de setembro de 2025**, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, a excepción das modificacións aprobadas.

Os meses de prórroga extraordinaria facturaránse polos importes establecidos no contrato actual (Expte. nº 2018058000), obxecto desta prórroga; e se financiarán con cargo aos importes retidos para o Expte. nº 2024059026, actualmente en licitación. Posteriormente, a financiación do futuro contrato axustarase ao período real de duración unha vez formalizado.

6.8351.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO
CONCELLO DE VILA DE CRUCES A FAVOR DA
DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS
FACULTADES DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E
EXECUTIVA E INSTRUCCIÓN DO**



PROCEDIMIENTO SANCIONADOR POR
INFRACCIÓN DE TRÁFICO (EXPTES. 2025007469 -
2024079585)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/YPteKmkCEzmdNscQCCEjaZfoHjphCZpediBCnEAQ80JgXKTC>

O Pleno do Concello de Vila de Cruces, na sesión que tivo lugar o día 29 de novembro de 2024, acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as competencias de Recadación voluntaria e executiva e instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores, Servizo de Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación das competencias de Recadación voluntaria e executiva e instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico efectuada polo Concello de Vila de Cruces, segundo



acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 29 de novembro de 2024, nos termos reflectidos no referido acordo.

SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Vila de Cruces do contido íntegro deste acordo.

CUARTO.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

7.8352.- **SOLICITUDE DUNHA EMPREGADA
CONTRATADA LABORAL QUE PRESTA SERVICIOS
NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O
EXERCICIO DUNHA SEGUNDA ACTIVIDADE NO
SECTOR PRIVADO (EXPTES. 2025007480 -
2025004623)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5SVyLcGyv8BsNZtirIkJiojb2ZAIqRG6Jp5gWbufzIzRLc3w>

Visto o informe da adxunta á xefatura do Servizo de RRHH e Formación de data 17 de febreiro de 2025, que textualmente di:

“ANTECEDENTES



1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación Provincial de Pontevedra o 27 de xaneiro do 2025, DONA MÓNICA VARELA NOVO, con DNI nº ***1440**, contratada laboral temporal como técnica de mantemento no Centro Príncipe Felipe, solicita autorización para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo cunha segunda actividade no sector privado como autónoma, realizando funcións de arquitecta técnica.

2º.- En data 29 de xaneiro de 2025, a interesada presenta no Rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra unha declaración facendo constar que a súa actividade como autónoma será realizada nun horario que non interfira o desenvolvemento da súa función pública e que ten coñecemento e asume que a súa actividade profesional como autónoma será compatible co desempeño das súas funcións na Deputación sempre que non exista conflito de intereses nin afecte ó cumprimento das súas responsabilidades como empregada pública.

3º.- O posto de traballo que desempeña no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra ten asignada unha retribución bruta mensual de 2.830,20 €.

4º.- A interesada percibe un complemento equiparable ó específico de 780,67 €/mes, que supera o 30% das retribucións básicas excluída a antigüidade (344,21 €/mes), polo que renuncia á percepción desta cantidade.

5º.- Este recoñecemento non pode afectar á xornada e horario de traballo establecido no Centro Príncipe Felipe, de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sobre Incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos, Empresas dependentes.



3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- Segundo o artigo 11 da Lei 53/84, do 26 de decembro, e artigo 9 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado. Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

5º.- De acordo co disposto no artigo 12.2 da Lei 53/84, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas soamente poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como prestación a tempo parcial.

6º.- Tal e como sinala o artigo 14 da Lei 53/84, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

Este recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

7º.- O artigo 16 da Lei 53/84, en redacción dada pola disposición final terceira do Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica que



non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, o apartado 4 do citado precepto recolle de forma literal que “por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.º 3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade”.

8º.- A actividade que desenvolve a interesada no Centro Príncipe Felipe non está incluída en ningún dos supostos que contempla o artigo 11 do RD para o non recoñecemento da compatibilidade.

9º.- A Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia determina que entrementes non se introduza o complemento retributivo do posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último se entenderán feitas ó complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares de algúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

Así mesmo indica, no apartado dous, que entrementes non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto pola presente lei, poderá recoñecerse, conforme ó disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade.



No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre e cando a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente propónse conceder a Dona Mónica Varela Novo, con efectos do 1 de febreiro de 2025, a compatibilidade solicitada para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado como autónoma na actividade de arquitecta técnica, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva da interesada por un tempo inferior a 18 horas e 45 minutos semanais, de acordo co estipulado no artigo 12.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Como consecuencia, deixará de percibir dentro do complemento de convenio, o importe equivalente ó complemento específico.”

Considerando o exposto no informe da adxunta á xefatura do Servizo de RRHH e Formación de data 17 de febreiro de 2025, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

Conceder autorización á empregada contratada laboral, Dona Mónica Varela Novo, con efectos do 1 de febreiro de 2025, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como técnica de mantemento adscrita ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector privado como autónoma co posto de arquitecta técnica, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva da interesada por un tempo inferior a 18 horas e 45 minutos semanais, de acordo co estipulado no artigo 12.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Como consecuencia, deixará de percibir dentro do complemento de convenio, o importe equivalente ó complemento específico.



8.8353.- **PRÓRROGA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE
INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES
PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 –
PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2023010533-
2025008464)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/853vSdwi1M4ZLSfxtQYcSk5lghRJ3m9CrXqDhvAedISyJUJd>

ANTECEDENTES

O Pleno da Deputación, na súa sesión extraordinaria do 6 de marzo de 2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030, en diante Programa PON2030, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 46, de 7 de marzo de 2023. Modificadas mediante o acordo núm. 3.8051, adoptado polo Pleno da Corporación provincial na súa sesión ordinaria do 29 de setembro de 2023, publicouse esta modificación no BOPPO núm. 191, de 3 de outubro de 2023.

As subvencións concedéronse polo Pleno provincial na súa sesión extraordinaria urxente do 23 de xuño de 2023, mediante o acordo núm. 4.8011.

O Programa PON2030 xorde da necesidade específica de que as administracións fagan unha política económica resiliente para vertebrar o territorio con novos elementos que sirvan para facelo máis resistente á inercia dos ciclos económicos adversos. Con este fin, articúlanse catro liñas de actuación sobre catro eixes específicos que, baixo o marco da sustentabilidade, contribúan á dinamización socioeconómica e á integración social desde o punto de vista económico, social e de xénero, que se alían coas actuais prioridades da Unión Europea, baseadas nos ODS da Axenda 2030 e nas políticas panca do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O programa deséñase para cumprir con dúas finalidades complementarias entre si:



- Proporcionarlles aos concellos da provincia infraestruturas e dotacións de carácter singular que dificilmente poderían afrontar con fondos propios ou co Plan de obras e servizos.
- Avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation.

O Programa PON2030 ten como beneficiarios 40 concellos da provincia con poboación inferior a 50.000 habitantes e estrutúrase en catro tipoloxías de actuación:

- Actuacións de tipo 1: Rehabilitación de edificios e instalacións municipais para uso social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, etc.
- Actuacións de tipo 2: Construción de novos equipamentos e dotacións, con edificacións ou instalacións sostibles e intelixentes, ademais de novas actuacións ambientalmente sostibles para asegurar os servizos que impulsen a cohesión territorial.
- Actuacións de tipo 3: Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co obxectivo de darlles un uso plural e amable, e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas na liña de cumprimento dos Principios Ágora.
- Actuacións de tipo 4: Adquisición, posta en funcionamento do material necesario para cumprir as obrigas e obxectivos determinados pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

O financiamento do Programa PON2030 ascende a vinte e dous millóns (22.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación, imputables á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.74.2023.

Así mesmo, na base 16.^a das reguladoras, relativa á execución dos investimentos, establécese que os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 30 de abril de 2025 e deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder, en todo caso, o 30 de setembro de 2025.

Non obstante, os investimentos propostos polos concellos, ao abeiro do



Programa PON2030, están suxeitos a certas dificultades administrativas derivadas da súa envergadura e do proceso para obter as autorizacións necesarias para executar as obras. Nesta situación atopáronse, entre outros, os concellos do Grove (Expte. 2023030674) e Tui (Expte. 2023030660).

A dilación na obtención das licenzas e dos permisos necesarios está a provocar retrasos no desenvolvemento dalgúns dos investimentos subvencionados, polo que se estima conveniente estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas e cumprir coas cautelas impostas pola normativa vixente.

A experiencia destes últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes, que depende tanto do acerto das entidades interesadas na presentación da documentación coma da axilidade dos entes encargados de emitir as autorizacións sectoriais.

Así mesmo, debe terse en conta que os beneficiarios das axudas son os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión. A falta de persoal, xunto coa obriga de velar pola correcta aplicación da lexislación, en materia de termos e prazos, para promover a concorrência na contratación pública, sobre todo en proxectos de gran contía económica como os que están acollidos no Programa PON2030, provoca atrasos nas fases de preparación e adxudicación dos contratos e, consecuentemente, a diminución do tempo dispoñible na fase de execución.

Tamén, debido á envergadura dos investimentos, algúns concellos tiveron que solicitar outras axudas públicas, o que demorou máis do previsto os trámites administrativos e provocou a dilación dos procesos de licitación, o que fixo moi complicado cumprir os prazos de execución. Nesta situación atopáronse, entre outros, os concellos de Lalín (Expte. 2023030757) e Vilagarcía de Arousa (Expte. 2023030354).

Por outra banda, a situación macroeconómica internacional ocasiona en moitos contratos públicos problemas de subministración de materiais (como é o caso do Concello de Agolada).



Así mesmo, hai que ter en conta que os prezos das materias primas, necesarias para a execución de certas unidades de obra, se incrementaron enormemente no último ano, o que repercutiu de maneira moi importante nos contratos dos investimentos.

Os contratistas están a evidenciar como se altera fortemente a economía dos contratos por mor do incremento dos custos, incremento que non era previsible no momento da licitación e que está a retrasar a execución dos investimentos, ademais de que os concellos teñan que buscar formas de financiamento adicional.

A todo isto hai que engadir que algúns concellos tiveron que reformular os seus proxectos técnicos presentados no momento da concesión, uns como consecuencia da necesidade de cumprir coas cautelas impostas pola normativa sectorial, outros debido á necesidade de readaptar, na medida do posible, os proxectos aos prezos de mercado; outros para dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución dos traballos, etc. —nesta situación atopáronse os concellos de Arbo (Expte. 2023030223), Lalín (Expte. 2023030757), Pontearreas (Expte. 2023030693), Pontecesures (Expte. 2023030388), Portas (Expte. 2023030717) ou Salvaterra de Miño (Expte. 2023030013)—, o que dificulta, e, incluso, impide en certos casos, o cumprimento do horizonte temporal que se recolle nas bases reguladoras.

Como consecuencia de todo isto, a día de hoxe, soamente arredor do 20% dos concellos remataron por completo as obras, mentres que ata 14 concellos solicitaron unha prórroga dos prazos e algúns, que aínda non a solicitaron, pensan que van ter que facelo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consideracións xurídicas

A finalidade do Programa PON2030 é axudar economicamente ós pequenos municipios para executar proxectos de obras de grande envergadura co fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións, polo que a extinción do programa debe producirse no momento no que se realice o investimento que fundamentou a concesión da axuda. Cómpre lembrar que, de acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante. Deste modo, a non



autorización da prórroga do programa ocasionaría a execución incompleta e deficiente das obras incluídas neste, o que iría en detrimento dos fins perseguidos.

Neste sentido, circunstancias sobrevidas e imprevisibles, non imputables á actuación da Deputación e dos concellos beneficiarios, están a producir retrasos na execución das obras incluídas no programa, o que implica que non se está a respectar o horizonte temporal previsto inicialmente nas bases.

En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

Os acordos de recoñecemento da obriga e libramento do crédito implican que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se non se estende a vixencia do programa.

Na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevese a ampliación de prazos, tanto de oficio como a petición das persoas interesadas. De acordo co artigo 32, esta ampliación poderá acordarse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiras persoas, por un prazo que non exceda da metade do inicial. Así mesmo, no artigo 70 do Regulamento da LXS (RLXS) establécese que, salvo precepto en contrario recollido nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda da metade deste.



O Programa PON2030, segundo se sinala na base 16.^a das reguladoras, estende a xustificación ata o 30 de setembro de 2025, polo que debe entenderse que o programa está vixente na actualidade.

Para computar os prazos que se van ampliar tense en conta o prazo do que dispoñían as entidades beneficiarias desde a concesión das subvencións; é dicir, desde o 23 de xuño de 2023 ata o límite máximo para a execución previsto nas bases, o 30 de abril de 2025.

Así mesmo, a prórroga do programa non produciría indefensión nin prexuízo ningún aos 40 concellos da provincia incluídos nel, dado que todos eles se benefician da ampliación dos prazos.

No artigo 70 do RLXS remítese ás normas do procedemento administrativo común, nas que se esixe a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia dos motivos que aconsellan esta ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, que, en calquera caso, quedan fóra do control tanto da Deputación coma dos concellos.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a prórroga do Programa PON2030, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Competencia para resolver

Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por ser o órgano que aprobou as bases no seu día.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado programa que obra no expediente, á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, do 30 de xaneiro de 2025 (CSV: 2WAQB2H9J08EQ9NT) e da Intervención provincial, do 4 de febreiro de 2025 (CSV: DX0ELY8VDBFXOWIE), e do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de



Coordinación das Emerxencias Provinciais, do 21 de febreiro de 2025 (CSV: 6PLMRHH2SK6AE79K), o Pleno acorda por unanimidade:

1.º. Prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31 de marzo de 2026.

2.º. Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31 de agosto de 2026.

9.8354.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2202 BAIONA – LOUREZA, DENDE O PQ 17+350 AO PQ 17+520 (CONCELLO DE OIA)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTE. 2024081631)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/pKVjIvfi5X4BNSdJ8XJS0IRESdteuY0fLvaxandHMacQMDND>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto



construtivo de obras de *"Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureira, desde o PQ 17+350 ao PQ 17+520. (Concello de Oia)"*. O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Oia, e as obras que comprende o presente proxecto están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-2202 ó longo duns 180 metros, ao seu paso polo núcleo de Torroña, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil. Contémplase a creación dun itinerario peonil de 170 metros de lonxitude mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada para o que será necesario executar muros de sostemento. Inclúese tamén a pavimentación da calzada no treito da actuación, a renovación da rede de drenaxe, a execución dun novo paso de peóns sobreelevado, o acondicionamento dunha zona verde, a renovación do alumeadado público, a colocación de mobiliario urbano, etc. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

O orzamento das obras proxectadas ascende a cento sesenta e cinco mil catrocentos sesenta e cinco euros con setenta e un céntimos (165.465,71 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en mil trescentos dezaseis euros con setenta e cinco céntimos (1.316,75 €).

2. O Concello de Oia aprobou mediante acordo do Pleno de data 24 de outubro de 2024 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 29 de novembro de 2024.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados pola obra fináncianse integramente polo Concello de Oia.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) Q7WG42NV0B4A5D1W redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro.
- No anexo 7 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 25/10/2024, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas de 25/10/2024 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación, dado que realizouse unha consulta ao Rexistro da Propiedade de Tui que foi inadmitida xa que, segundo manifestan no seu escrito de data 13 de decembro de 2024, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 17 de decembro de 2024, resulta necesario achegar datos rexistrals para emitir nota simple informativa.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este



carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “*se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares*” (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “*1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate*”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas de 25 de outubro de 2024 no que sinala que “*Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente de expropiación pola vía da urxencia, xa que na zona de actuación, actualmente o treito da estrada é de dobre sentido de*



circulación cun ancho insuficiente e sen beiravías que afecta á seguridade dos usuarios da vía e provoca que se creen situacións de perigo cos vehículos que discorren por ela.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que discorra pola marxe esquerda da estrada que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 4 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación para tódolos usuarios da vía”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

a) A declaración de utilidade pública.

b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.

c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.

d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.

e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: *“A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en*



consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.



Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: *“Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que



sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.”

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13/08/2024, o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 18 de febreiro de 2025.

Polo indicado e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:



Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de *“Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona – Loureza, dende o p.q. 17+350 ata o p.q. 17+520 (Concello de Oia)”* cun orzamento de 165.465,71 € e 1.316,75 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36036A02700447	3,00	2,00 m ² de muro de bloque e parte proporcional de cimentación.
			3,70 m de malla anudada de arame (1,50 m).
2	36036A02700445	3,00	2,70 m ² de muro de bloque e parte proporcional de cimentación.



			4,50 m de malla anudada de arame (1,50 m).
3	36036A02700446	4,00	3,60 m ² de muro de bloque e parte proporcional de cimentación.
			6,00 m de malla anudada de arame (1,50 m).
4	36036A02700444	9,00	5,30 m ² de muro de bloque e parte proporcional de cimentación.
			8,90 m de malla anudada de arame (1,50 m).

10.8355.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DO PORTO DE VIGO COMO NODAL NA REDE TRANSEUROPEA DE TRANSPORTES (TEN-T) (EXPTE. 2025007470)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/rQT0xV5tlyt1h41Vg0qEqm1uWHqmFhXKMYy3lKHGnHQemlJU>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 21 de febreiro de 2025, acorda por unanimidade, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude de inclusión do Porto de Vigo como nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T), e engadir unha emenda de adición presentada polo Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto de Vigo é, tal e como revelan os datos, un dos máis importantes e prestixiosos de Europa, posto que é o primeiro de Galicia en contedores e mercadorías, líder europeo en pesca, un dos máis importantes en tráfico de vehículos e xera un volume de negocio anual de 19.300 millóns de euros entre exportacións e importacións, polo que supón unha infraestrutura chave para que Galicia medre de xeito constante e con moita potencia en vendas ao exterior ata situarse entre as comunidades máis exportadoras de España.



Por elo, desde o PP Provincial consideramos incomprensible e inxusto que o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible desbotara a candidatura viguesa para a súa designación como Porto Nodal da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T) na recente actualización do catálogo continental destas infraestruturas nas súas negociacións coa Comisión Europea (CE) e priorizara a inclusión dos muelles de Santander e Castellón.

De feito, o organismo Puertos del Estado si que apostaba pola candidatura de Vigo, e tamén pola de Ferrol, pero o departamento estatal, co ministro socialista Óscar Puente ao fronte tras case ano e medio no cargo, descartou o Porto de Vigo, como admiten todos os axentes que participaron nas conversas e tal e como recollen os medios de comunicación.

Neste senso, temos que lembrar e lamentar que trátase da segunda ocasión na que este ministerio, en ambas ocasións baixo a dirección do PSOE, deixa fóra a Vigo desta rede fundamental nos ámbitos portuario e marítimo.

No ano 2011, con José Blanco como ministro de Fomento, púxose en marcha esta rede europea coa inclusión de once portos españois, que finalmente serían 13 coa incorporación de Huelva e Tenerife no período de alegacións, e unha escasa vontade política por parte dos socialistas como elemento fundamental para que Vigo quedase fóra nunha mostra do seu constante castigo, maltrato e discriminación coa cidade e con Galicia.

Agora, 13 anos despois daquel agravio, os feitos tristemente volveron repetirse a finais do pasado exercicio con motivo da actualización do catálogo de Portos Nodais da Rede Ten-T, posto que Transportes apostou polas candidaturas de Santander e Castellón malia as recomendacións de Puertos del Estado a prol da candidatura olívica.

Desde o PP Provincial sumámonos ás queixas contra esta decisión da Comisión Europea e do Ministerio de Transportes que xa expresaron os responsables do Porto de Vigo, os empresarios da cidades e da provincia de Pontevedra, a Xunta de Galicia e os nosos compañeiros de Vigo e cremos que, do mesmo xeito que sucedeu con Huelva e Tenerife no período de alegacións da anterior convocatoria, aínda se está a tempo de corrixir este agravio para poder catalogar o noso porto como nodal no ámbito europeo.



Nesta decisión hai moito en xogo, posto que a inclusión de Vigo na Rede TEN-T permitiríalle beneficiarse de investimentos e axudas de ata 2.500 millóns de euros ao abeiro das distintas liñas que pon en liza a Unión Europea para a promoción e mellora de infraestruturas nestes enclaves.

E neste senso, cremos que o Porto de Vigo non pode deixar pasar máis oportunidades e non pode volver quedar atrás polos repetidos descartes do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, xa que supostamente a próxima oportunidade para incorporarse á “primeira división” dos portos europeos non chegará ata o ano 2027 en caso de que, na actualidade, non se revertise e rectificase a decisión excluín-te que supón un prexuízo respecto a outros enclaves do norte de España, como A Coruña e Gijón, que xa gozan desta condición nodal.

Máis alá das cifras e dos parámetros, é indubidable que o Porto de Vigo é dos máis importantes de Europa e que merece, sobradamente, a condición de nodal, posto que a propia Comisión Europea incluíu sete espazos do continente con menor tráfico que o vigués na citada Rede TEN-T na actualización de finais de 2024, polo que está claro que a vontade e as negociacións políticas son fundamentais neste proceso. E por elo cremos que gran parte da responsabilidade da exclusión da cidade radica na decisión do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible de non apostar decididamente por Vigo nunha mestura de desidia e abandono dos intereses socioeconómicos da provincia de Pontevedra.

Ademais, desde o PP Provincial tamén temos que lamentar a postura do alcalde, Abel Caballero, a cabalo entre a confusión e a busca de escusas peregrinas, responsabilizando á Xunta de Galiza da exclusión de Vigo como Porto Nodal, xa que cremos que a xeración deste tipo de enfrontamentos, ademais de basearse nunha rotunda falsidade posto que a negociación correspóndelle en exclusiva ao ministerio, non axuda a acadar o obxectivo de Porto Nodal e obedece máis a unha estratexia política coa que tapar a súa febleza ante os seus compañeiros socialistas de Madrid.

Así, desde o goberno local de Vigo pasouse do silencio á tibieza, logo escudouse nun suposto descoñecemento do proceso de negociación para a actualización da Rede TEN-T que consideramos inadmisíbel ao tratarse dun tema fundamental para a cidade que debía figurar como prioritario na axenda



do executivo municipal e finalmente, nun exercicio de trilerismo político, rematou coa súa obsesión coa Xunta. En definitiva, unha práctica funambulista que desde o PP Provincial censuramos, posto que todo elo está orientado a evitar unha reclamación contundente e unha defensa firme dos intereses de Vigo ante o Ministerio de Transportes como auténtico responsable desta inxusta decisión portuaria.

En calquera caso, cremos que a inclusión de Vigo como Porto Nodal aínda é posible no actual proceso e por iso queremos amosar o respaldo da Deputación de Pontevedra a esta medida, pero, en caso contrario, tamén consideramos que todas estas mostras de apoio poden ser fundamentais para, subsidiariamente, acadar este obxectivo irrenunciabile para o porto na convocatoria e actualización do ano 2027.

Desde o PP Provincial reiteramos que esta catalogación suporá importantes beneficios para o porto, a cidade e o noso territorio, posto que repercutirá na concesión de fondos europeos para a mellora de infraestruturas e loxística portuaria, traerá beneficios económicos para o tecido industrial e comercial galego, con especial incidencia nas empresas adicadas a exportacións e importacións marítimas, e conlevará novas oportunidades de desenvolvemento rexional e de impulso da competitividade pola integración de pleno dereito nas cadeas de subministración europeas e internacionais.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1º.- Requirir á Comisión Europea unha revisión inmediata e urxente da actualización do catálogo de Portos Nodais pertencentes á rede TEN-T realizada a finais do ano 2024 co obxectivo de reverter a exclusión de Vigo e que este enclave da cidade adquira esa categoría.
- 2º.- Instar ao Goberno de España a intensificar as negociacións ante as institucións europeas para seguir reclamando a inclusión do Porto de Vigo na condición de infraestrutura nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).



- 3º.- Esixir ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que aposte, nas posibles negociación actuais ou as que se poidan abrir nun futuro, polo Porto de Vigo para que adquira, no prazo máis breve posible, a categoría de nodal na Rede TEN-T.
- 4º.- Expresar o absoluto apoio da Deputación de Pontevedra a que o porto de Vigo atinxa a condición de porto nodal da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).
- 5º.- Instar ao Goberno español a exercer todas as accións necesarias para lograr ese obxectivo, incluíndo promover a revisión a nivel comunitario dos criterios actuais, para que se considere axeitadamente o valor engadido da tipoloxía da mercadoría transportada e non apenas os volumes totais.
- 6º.- Instar ao Goberno español a despregar medidas de apoio adicional á terminal portuaria viguesa para compensar a perda de oportunidades e de acceso ao financiamento que supón non ter recoñecida a súa condición de porto nodal até a nova revisión da rede.
- 7º.- Trasladar o contido destes acordos á Xunta de Galiza, ao Goberno de España e á Comisión Europea.”.

11.8356.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) REITERANDO A SOLICITUDE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES PARA A MELLORA INTEGRAL, RENOVACIÓN DO FIRME E ADOPCIÓN DOUTRAS MEDIDAS DE SEGURIDADE VIARIA NAS ONCE ESTRADAS NACIONAIS DA REDE ESTATAL QUE DISCORREN POLA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2025008053)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Ym4Py6rQsHednhBCngQVGeP4Rm4VJCR7ZdaV39Tmxo1ZbwiU>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas,



Equipamentos Públicos e Mobilidade do 21 de febreiro de 2025, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) reiterando a solicitude ao Ministerio de Transportes para a mellora integral, renovación do firme e adopción doutras medidas de seguridade viaria nas once estradas nacionais da Rede Estatal que discorren pola provincia de Pontevedra.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai practicamente un ano, en marzo de 2024, o PP Provincial presentou á consideración do Pleno da Deputación de Pontevedra unha moción na que se lle reclamaba ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a mellora integral, reforma e modernización das once Estradas Nacionais que discorren e vertebran o noso territorio ao seu paso por 28 concellos.

Dita proposta, aprobada pola corporación provincial, viña avalada polos feitos, ante o pésimo estado de todas estas vías, pola forte contestación social e as xustas demandas de milleiros de veciños da provincia, pola información trasladada polas agrupacións locais do PP nestes 28 municipios, polas reclamación públicas de organizacións independentes a prol da seguridade automobilística e de practicamente todos os sectores socioeconómicos, con especial relevancia do transporte e o turismo, e incluso pola propia admisión das malas condicións destas estradas por parte do ministro, Óscar Puente, e doutros cargos e representantes do Goberno de España.

Desde o PP Provincial, malia a desconfianza que nos xera a actuación do PSOE para coa provincia desde o Executivo central polos incontables antecedentes de maltrato e discriminación co noso territorio, quixemos conceder un voto de confianza agardando que esta demanda unánime da sociedade pontevedresa fora finalmente atendida. Sen embargo, e como lamentablemente agardabamos por parte do Goberno de España, un ano despois non temos rexistrado ningún avance de calado no estado das Nacionais, máis alá dalgún que outro parche, mentres as súas condicións seguen empeorando e cada día presentan un maior deterioro que consideramos incompatible cunha axeitada seguridade dos usuarios.



En todo este ano, as actuacións realizadas limitáronse a rematar o ensanchamento da ponte de Pedre, que por certo espertou queixas dos condutores polo embolsamento de auga, a renovación de menos de dous quilómetros na N-541 tamén en Cerdedo-Cotobade e a adxudicación e inicio de obra da remodelación da curva de Trasmañó na N-552, así como algúns que outros bacheos máis propios de pistas rurais que de vías de alta capacidade.

Fronte a isto, seguen os adiamentos, os incumprimentos e as escusas por parte do Ministerio de Transportes e da Delegación e da Subdelegación do Goberno, que levan máis de tres anos retrasando un anunciado investimento de 4 millóns de euros na N-541 entre Forcarei e Cerdedo-Cotobade e que faltan reiteradamente aos seus compromisos e á demanda unánime de Pontearreas e outros municipios do sur, como O Porriño ou A Cañiza, entre outros, na imprescindible reforma da N-120, por só citar algúns exemplos.

Paralelamente, o subdelegado do Goberno, Abel Losada, comezou unha estratexia publicitaria que só podemos considerar, e aos feitos e aos inexistentes prazos nos remitimos, como unha venda de fume anunciando melloras en estradas tan importantes como a N-640 ou a N-550 en municipios como A Estrada, Caldas de reis ou Cuntis. Esta campaña, que consideramos como consecuencia do forte malestar dos pontevedreses e da necesidade de aplacar as xustificadas queixas fronte ao Goberno de España polo abandono das Nacionais, sumou recentemente ao delegado do Goberno, Pedro Blanco, supoñemos que nun intento de reforzar infrutuosamente a credibilidade duns anuncios que se limitan a un recorte de prensa, pero que nunca chegan ás nosas vías da Rede de Estradas do Estado.

Así, mentres os 317,5 quilómetros das once Estradas Nacionais da provincia de Pontevedra seguen empeorando o seu estado, malia tratarse das principais vías de comunicación do noso territorio con entre 110.000 e 125.000 usuarios diarios, as queixas seguen medrando por toda a provincia ante a inacción e o abandono absoluto do Goberno de España.

Só nas últimas semanas e meses arreciou o malestar dos veciños de Caldas, Valga e Pontecesures pola situación da N-550, chegando a sinalar textualmente que “o estado actual da estrada non debería ser legal”; a xente da



Pantalla, no municipio de Redondela, esixiu a mellora da súa perigosa curva a pé de estrada; o alcalde de Vilaboa reclamou catro solicitudes para a N-554; apareceron carteis de denuncia na N-640 e comezaron a pintarse os baches con esprai a modo de reclamación na N-120; e incluso agrupacións locais do PSOE e do BNG en diversos concellos admitiron publicamente a necesidade de mellora destas Estradas Nacionais para superar unha situación insostible en materia de seguridade viaria, xa que ademais seguen sen solucionarse os Tramos de Concentración de Accidentes (TCA) en ata seis delas, a N-550, N-551, N-555, N-541, N-120 e N-640.

Por todo elo, e despois doutro ano absolutamente perdido nesta materia, desde o PP Provincial queremos reiterar ante o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a demanda de que acometa de xeito urxente unha mellora integral das once Estradas Nacionais ao seu paso pola nosa provincia, xa que teñen unha importancia fundamental na mobilidade dos pontevedreses percorrendo de norte a sur e de leste a oeste os municipios de Pontecesures, Valga, Caldas, Barro, Pontevedra, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Mos, O Porriño, Tui, Dozón, Lalín, Silleda, A Estrada, Agolada, Cuntis, Vilagarcía, Vilaboa, Moaña, Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Cañiza, Pontearreas, As Neves, Mondariz e Covelo.

Consideramos que o seu estado é inadmisíble e totalmente incompatible coa seguridade viaria, xa que presentan grandes fochancas e fendas, irregularidades nas plataformas e as calzadas, problemas de drenaxe, deficiencias no trazado, sinuosidade en curvas, problemas de visibilidade e importantes eivas en materia de sinalización horizontal e vertical, entre moitos outros problemas que se están a agravar tras case sete anos dun investimento pírrico e insuficiente pola exclusiva decisión do PSOE de castigar á provincia desde o Goberno de España.

Deste xeito, imos insistir nesta petición na defensa dos intereses dos veciños da provincia de Pontevedra e dos demais usuarios destas Estradas Nacionais e anunciamos o noso compromiso de facelo reiteradamente ata que se escoiten e se atendan as demandas de mellora integral desta rede viaria estatal que comprende, na nosa provincia, as seguintes infraestruturas:



Estrada	Percorrido	Quilómetros
N-550	Vertebra a provincia desde Pontecesures a Tui	72,2
N-525	Bisbarra do Deza	45,4
N-640	Vilagarcía-Caldas-A Estrada-Agolada Límite con Lugo	82,1
N-554	Vilaboa-Moaña	10,1
N-541	Pontevedra-Límite con Ourense	39,9
N-552	Redondela-Vigo norte	9,7
N-555	Redondela-Vigo sur	6,8
N-556	Aeroporto de Peinador	1,0
N-551	Tui	2,2
N-120	Vigo-O Porriño-Ponteareas- A Cañiza-Límite con Ourense	43,4
N-559	Conexión da A-52 e N-120 no Condado e A Paradanta	5,6

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Solicitar de novo ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a que proceda á elaboración dun proxecto integral cun cronograma urxente e coa reserva do orzamento suficiente para acometer a mellora, reforma e modernización das once Estradas Nacionais da provincia de Pontevedra, especialmente no que atinxe ao estado do firme e da plataforma, para corrixir



o seu mal estado e favorecer a mobilidade e a seguridade viaria dos pontevedreses e dos demais usuarios das mesmas.”

12.8357.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE RECLAME Á XUNTA DE GALICIA INVESTIMENTOS PÚBLICOS EQUITATIVOS EN TODOS OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTES. 2025008052)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/EyMYA5vEZWPBbpNk2pT7kSscCXaoHTljFTqckz13XdXEbn5Z>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que reclame á Xunta de Galicia investimentos públicos equitativos en todos os concellos da provincia de Pontevedra.

Ás trece horas e trinta e sete minutos auséntase da sesión D. Jesús Vázquez Almuiña (PP).

13.8358.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E Á XUNTA DE GALICIA A BUSCAR A FINANCIACIÓN PRECISA PARA REMATAR A RESIDENCIA DA ASOCIACIÓN ACEESCA (ASOCIACIÓN DE APOIO A PERSOAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL) SITA NO POLÍGONO DE TORNEIROS (O PORRIÑO) (EXPTE. 2025007875)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/KilzfGlZrmRwZrl9CCBMCoY1KyR3MJtZiTmShUT8Gdpf46J5>



O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do 21 de febreiro de 2025, acorda por unanimidade, aprobar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) instando á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a buscar a financiación precisa para rematar a Residencia da Asociación ACEESCA (Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual) sita no Polígono de Torneiros (O Porriño).

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aceesca é unha asociación fundada no ano 1983 por pais e nais de persoas con discapacidade intelectual, sen ánimo de lucro, de utilidade pública e que presta apoio a un total de 104 persoas con discapacidade intelectual, así como as súas familias e o seu entorno, ante a inexistencia de recursos públicos e privados no seu ámbito de actuación.

Aceesca está ubicada en Torneiros (Porriño), pero o seu ámbito de actuación é provincial, atendendo a persoas usuarias procedentes de 14 concellos (Porriño, Mos, Tui, Salceda, As Neves, Salvaterra, Mondariz, Pontearreas, Redondela, Covelo, A Cañiza, Mondariz Balneario, Pontearreas e Vigo) e conta coa seguinte infraestrutura:

Un centro de educación especial, que ten como finalidade proporcionar o apoio preciso ó alumnado para que reciban unha formación educativa que de resposta ás súas necesidades e que lle permitan integrarse plenamente na sociedade actual. Conta na actualidade con 32 alumnos.

Atención temperá: Aceesca desenvolve a actuación de atención temperá, para nenos e nenas de 0 a 6 anos nos seguintes concellos: A Cañiza, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Salceda de Caselas, As Neves e O Porriño. Nestes intres prestamos atención e apoio a un total de 224 nenos e nenas nas distintas fases da atención temperá.

Un centro ocupacional formado por 37 persoas maiores de 16 anos, que dispón de diferentes talleres ocupacionais e con un servizo de axuste persoal e social.

Un centro de día, da apoio a 38 persoas maiores de 16 anos, coa finalidade de desenvolver os obxectivos e metas individuais de cada persoa, para acadar unha mellora da calidade de vida.



Un centro especial de emprego, Lume S.L., para promover e facilitar a inserción laboral das persoas con discapacidade impartindo formación en actividades como xardinería, limpeza e apoio á dependencia, preparación de oposicións, etc. Actualmente conta con 54 persoas traballadoras das cales máis do 70% son persoas con discapacidade. Ademais das actividades produtivas habituais (xardinería, limpeza, apoio as persoas con discapacidade, transporte...) recentemente iniciou un programa de Formación Dual en Hostalaría, levando a cabo a apertura da cafetería Lume ubicada no parque O Piñeiro – Torneiros (O Porriño).

A día de hoxe cabe destacar a construción da residencia, que está en fase de construción e cuxo proxecto se denomina “Miña casa, miña comunidade”, deseñada para beneficiar a 40 persoas en praza de vivenda con centro de día e 10 adicionais en praza de centro de día, situada no polígono de Torneiros (Porriño). Dito proxecto pretende dar resposta á necesidade inmediata das familias de persoas con discapacidade intelectual e seguir garantindo un futuro para os seus fillos/as, no que dispoñan dun fogar e apoio ós seus familiares cando estes xa non poidan.

O orzamento total da obra supón 4.301.499,67€ con IVE incluído, dos cales 1.550.028,29€ están pendentes de financiamento.

Tendo en conta que dita obra ten que estar rematada en decembro do ano 2025 ao tratarse de fondos procedentes de Europa, e que a día de hoxe é inviable asumir o custo total da obra por parte da Asociación, o Grupo Provincial Socialista propomos solicitar a colaboración económica ás diferentes administracións para que poida saír adiante unha importante iniciativa social, tendo en conta que nestes intres en toda a provincia de Pontevedra non hai ningunha praza residencial dispoñible para estas persoas, e da que estamos seguros todos e todas compartimos a mesma sensibilidade.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS

1º.- Instar a Deputación Provincial e á Xunta de Galicia a estudar coa máxima celeridade as vías de colaboración económica coa Asociación Aceesca (Asociación a persoas con diversidade intelectual), para que poidan rematar o proxecto de construción da residencia sita no polígono de Torneiros (O Porriño).”

Ás trece horas e cincuenta e sete minutos auséntase da sesión D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE).



14.8359.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALIZA A APROBACIÓN E POSTA EN MARCHA DA VALEDORÍA DE IGUALDADE E DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O REFORZAMENTO DA ÁREA DE IGUALDADE (EXPTE. 2025007876)**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.pontevedra.es/seneca.tv:443/s/mGHP3RI8Om8NHdDrVk8rDjTCMfIHEYfnt6WrCZadk74kS4tK>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en contra do PP e do PSdeG-PSOE e cos votos a favor do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) para solicitar da Xunta de Galiza a aprobación e posta en marcha da Valedoría de Igualdade e da Deputación de Pontevedra o reforzamento da Área de Igualdade.

15.8360.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.pontevedra.es/seneca.tv:443/s/XMpuVoFtlKybthzHc51dfBTq3CsPufYxobNvqKfNN1X0UuJ9>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

16.8361.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XANEIRO DE 2025 (EXPTES. 2025007479 – 2025007474)**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.pontevedra.es/seneca.tv:443/s/by5eTtKq8hyNuXRRgj7K2L3D4gZuIPJWLLgFptVugVIOdNP9>



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xaneiro de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 18 de febreiro de 2025, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xaneiro de 2025 que se expón a continuación:



PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XANEIRO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xaneiro	12,7937432312	2.178.597,35	30,2314587008	740.197,32	17,2158940560
Escola de Enfermería	Xaneiro	6,4957774828	2.742,44	0,0000000000	0,00	6,4957774828
Consortio de Incendios e Salvamento	Xaneiro	13,6869961783	54.347,10	48,1339868526	78.328,73	34,0236997952
Consortio Deza Tabeirós	Xaneiro	10,0000000000	3.639,74	5,5730051000	7.639,16	7,0016116500
TOTAL			2.239.326,63		826.165,21	17,8961713294

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

